

3. No punto 11, «Etiquetaxe», engádense os parágrafos seguintes:

«Os xamóns, paletas e lombo e as súas rebandas, se é o caso, suxeitos á norma e controlados por organismos independentes recoñecidos de acordo co previsto no artigo 2 deste real decreto, deberán indicar na etiquetaxe a expresión "Certificado por...(nome do organismo ou o seu acrónimo)...de conformidade co Real decreto 1083/2001".»

«Queda prohibido o emprego dos termos "ibérico", "ibérico puro", "montanera", "recebo", "bellota", "retinto" e "pata negra" nos produtos que non se axusten á presente norma.»

Catro. Incorpóranse catro novos artigos ó Real decreto 1083/2001, do 5 de outubro, polo que se aproba a norma de calidade para o xamón ibérico, paleta ibérica e lombo ibérico elaborados en España, coa seguinte redacción:

«Artigo 3. *Requisitos para a autorización dos organismos independentes de control.*

Para obter a autorización prevista no artigo anterior, os organismos independentes de inspección e certificación deberán cumprir, polo menos, os seguintes requisitos:

a) Os organismos independentes de inspección, a norma EN-45004, e os organismos independentes de certificación, a norma EN-45011.

b) Estaren acreditados por unha entidade de acreditación das indicadas no artigo 2 do presente real decreto, nas normas EN que lles sexan de aplicación segundo a súa actividade:

1.<sup>a</sup> Conforme a norma EN-45004 cun alcance que inclúa a cualificación do prototipo racial dos reprodutores ibéricos puros, para as entidades de inspección.

2.<sup>a</sup> Conforme a norma EN-45011 cun alcance que inclúa a norma de calidade para o xamón ibérico, a paleta ibérica e o lombo ibérico elaborados en España, para os organismos de certificación.

Non obstante o anterior, os organismos independentes de inspección e certificación que soliciten a correspondente acreditación poderán ser recoñecidos pola Administración competente por un período máximo de dous anos.

c) Os organismos de inspección deberán ter establecido un procedemento de inspección dos "reprodutores ibéricos puros", para a verificación do prototipo racial.

d) Os organismos de certificación deberán ter establecido un procedemento de certificación que inclúa, polo menos, os requisitos que regulamentariamente se establezan.

Artigo 4. *Requisitos dos laboratorios.*

Os laboratorios que realicen as determinacións analíticas dos parámetros que se establezan no desenvolvemento desta norma deberán cumprila norma UNE-EN ISO/17025:2000 e estar acreditados para este tipo de ensaios.

Non obstante o anterior, os laboratorios que soliciten a correspondente acreditación poderán ser recoñecidos pola Administración competente por un máximo de dous anos.

Artigo 5. *Autoridade competente.*

O recoñecemento dos organismos independentes de inspección ou certificación corresponderá á autoridade competente da comunidade autónoma na que radique o seu domicilio social.

Artigo 6. *Obrigas dos organismos independentes de control.*

1. Obtida a autorización, o organismo independente de control comunicarlle trimestralmente ó órgano competente da comunidade autónoma que concedeu a devandita autorización a lista de elaboradores ós que certifique produto, cos seus respectivos enderezos.

2. En caso de que o organismo independente de control suspenda ou retire a certificación a un elaborador, comunicarllo ó órgano competente da comunidade autónoma no territorio da cal detectase o incumprimento, así como as medidas adoptadas.

3. Os organismos independentes de control deberán conservar, para a súa posible consulta pola Administración competente, durante un prazo de cinco anos, os expedientes, documentación e datos dos controis realizados e das certificacións emitidas.»

**Disposición derradeira primeira.** *Carácter básico.*

O disposto neste real decreto ten o carácter de normativa básica ó amparo do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 16.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e bases e coordinación xeral da sanidade.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 7 de febreiro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno e ministro da Presidencia,  
MARIANO RAJOY BREY

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**2718** *ORDE APA/212/2003, do 5 de febreiro, pola que se modifican determinados anexos do Real decreto 2459/1996, do 2 de decembro, polo que se establece a lista de enfermidades de animais de declaración obrigatoria e se dá a normativa para a súa notificación. («BOE» 36, do 11-2-2003.)*

O Real decreto 2459/1996, do 2 de decembro, establece a lista de enfermidades dos animais de declaración obrigatoria, e dá a normativa para a súa notificación, co fin do cumprimento do disposto na Directiva 82/894/CEE, do Consello, do 21 de decembro de 1982, relativa á notificación das enfermidades dos animais na comunidade.

A Decisión 2002/788/CE, da Comisión, do 10 de outubro de 2002, pola que se modifica a Directiva 82/894/CEE do Consello relativa á notificación das enfermidades dos animais na Comunidade, inclúe a anemia infecciosa do salmón e a septicemia hemorráxica viral, no seu anexo I, e modifica o anexo II respecto dos datos que deben ser facilitados, polos Estados mem-

bros, na notificación á Comisión, en especial no caso de peste porcina.

Iso fai preciso modificar en tal sentido os anexos I, II, V e VI do Real decreto 2459/1996, a prol da necesaria seguridade xurídica, e sen prexuízo da plena aplicación e efecto directo da mencionada decisión.

Esta orde díctase ó abeiro da habilitación conferida na disposición derradeira primeira do Real decreto 2459/1996, pola que se faculta o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, no ámbito das súas competencias, para a modificación dos seus anexos de conformidade coas previsións contidas na normativa comunitaria.

Na elaboración desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 2459/1996.*

Substitúense os anexos I, II, V e VI do Real decreto 2459/1996, do 2 de decembro, polo que se establece a lista de enfermidades de animais de declaración obrigatoria e se dá a normativa para a súa notificación, polos que figuran no anexo da presente orde.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 5 de febreiro de 2003.

ARIAS CAÑETE

## ANEXO I

A. Enfermidades de declaración obrigatoria na Unión Europea:

Peste equina africana.  
 Peste porcina africana.  
 Influenza aviar (antes denominada peste aviar).  
 Lingua azul ou febre catarral ovina.  
 Encefalopatía esponxiforme bovina.  
 Peste porcina clásica.  
 Pleuropneumonía contaxiosa dos bovinos.  
 Febre aftosa.  
 Enfermidade de Newcastle.  
 Anemia infecciosa do salmón.  
 Necrose hematopoética infecciosa.  
 Dermatose nodular contaxiosa.  
 Febre do Val do Rift.  
 Peste bovina.  
 Peste dos pequenos ruminantes.  
 Encefalomielite enterovírica porcina (antes denominada parálise contaxiosa do porco ou enfermidade de Teschen).  
 Varíola ovina e varíola caprina.  
 Enfermidade vesicular do porco.  
 Estomatite vesicular.  
 Septicemia hemorráxica viral.

B. Outras enfermidades de declaración obrigatoria en España:

Carbunco bacteriano.  
 Rabia.  
 Brucelose.  
 Tuberculose.  
 Leucose enzoótica bovina.  
 Epididimite contaxiosa do carneiro.  
 Agalaxia contaxiosa.  
 Prurigo lumbar (scrapie).  
 Durina.

Encefalomielite equina en tódalas súas variedades.  
 Anemia infecciosa equina.  
 Mormo.  
 Triquinelose.  
 Mal vermello.  
 Psitacose.  
 Enfermidade hemorráxica epizoótica dos cervos.  
 Loque americana.  
 Bonamiose (Bonamia ostreae).  
 Marteiliase (Marteilia refringes e Marteilia sidneyi).  
 Haplosporidiose (Haplosporidium nelsoni, haplosporidium costale).  
 Perkinsose (Perkinsus marinus, Perkinsus olseni).  
 Microquitose (Mikrokytos mackini, Mikrokytos roughleyi).  
 Irodivirose (Oyster Velar Virus).

C. Enfermidades obxecto de comunicación anual:

As enfermidades incluídas na lista B da Oficina Internacional de Epizootias, que non figuran nas listas A e B do presente anexo, son as seguintes:

Enfermidade de Aujeszky.  
 Equinococose/hidatidose.  
 Cowdriose (heartwater).  
 Leptospirose.  
 Febre Q.  
 Paratuberculose.  
 Míase por Cochliomyia hominivorax.  
 Anaplasmosse bovina.  
 Babesiase bovina.  
 Campilobacteriose xenital bovina.  
 Cisticercose bovina.  
 Dermatofilose.  
 Septicemia hemorráxica.  
 Rinotraqueíte infecciosa bovina/vulvovaxinite pustular infecciosa.  
 Theileriasse.  
 Tricomonose.  
 Tripanosomiasse.  
 Febre catarral maligna.  
 Artrite/encefalite caprina.  
 Pleuropneumonía contaxiosa caprina.  
 Aborto enzoótico de ovelas (Clamidiose ovina).  
 Adenomatose pulmonar ovina.  
 Enfermidade de Nairobi.  
 Salmonilose (S. abortus ovis).  
 Maedi-Visna.  
 Metrite contaxiosa equina.  
 Linfanxite epizoótica.  
 Gripe equina (virus tipo A).  
 Piroplasmose equina.  
 Rinopneumonía equina.  
 Varíola equina.  
 Arterite viral equina.  
 Sarna equina.  
 Surra (trypanosoma evansi).  
 Rinite atrófica do porco.  
 Cisticercose porcina.  
 Gastroenterite transmisíble.  
 Síndrome disxenésica e respiratoria porcina.  
 Bronquite infecciosa aviar.  
 Laringotraqueíte infecciosa aviar.  
 Hepatite viral do parrulo.  
 Enterite viral do parrulo.  
 Cólera aviar.  
 Varíola aviar.  
 Tifose aviar (Salmonella gallinarum).  
 Bursite infecciosa (enfermidade de Gumboro).  
 Enfermidade de Marek.  
 Micoplasmose (M. gallisepticum).  
 Clamidiose aviar.  
 Pullorose (Salmonella pullorum).

Mixomatose.  
 Tularemia.  
 Enfermidade hemorráxica viral do coello.  
 Viremia primaveral da carpa.  
 Necrose hematopoética epizootica.  
 Herpesvírose do salmón masou.  
 Acariase das abellas.  
 Loque europea.  
 Nosemose de abellas.  
 Leishmaniose.  
 Varroose.

## ANEXO II

### Declaración de enfermidade

- 1) Comunidade autónoma.
- 2) Provincia afectada.
- 3) Municipio afectado.
- 4) Enfermidade que se sospeita e, se é o caso, tipo de virus.
- 5) Data de aparición do primeiro enfermo ou sospeitoso.
- 6) ¿Trátase de foco primario ou secundario?
- 7) Número de foco.
- 8) Número de referencia correspondente ó foco.
- 9) Data de sospeita do foco (se se coñece).
- 10) Data estimada da primeira infección.
- 11) Número de explotacións afectadas.
- 12) Especies afectadas.
- 13) Por cada foco ou explotación, especifica-los datos por explotación no caso que existan varias afectadas nun mesmo foco, por especies agrupadas en bovinos, porcinos, ovinos, caprinos, aves de curral, équidos, peixes, especies silvestres, outras especies.

Censo da explotación.  
 Número de animais afectados.  
 Número de animais mortos.  
 Número de animais sacrificados.  
 Número de animais destruídos.  
 Número de canles destruídas.

- 14) Data de confirmación da enfermidade.
- 15) Método diagnóstico usado.
- 16) Centro que realizou as probas e deu a conformidade.
- 17) Medidas de control adoptadas.
- 18) Distancias a outras explotacións receptibles.
- 19) Orixe da enfermidade.
- 20) En caso de animais procedentes doutro estado membro ou comunidade autónoma, data e hora de expedición, e estado ou comunidade de orixe.
- 21) En caso de que existan outras provincias (da mesma ou de distinta comunidade autónoma) afectadas por restriccións, especificalas.

En caso de confirmarse en explotacións ou zonas autorizadas ou exentas, as infeccións de necrose hematopoética infecciosa, anemia infecciosa do salmón e septicemia hemorráxica viral, deberán notificarse como focos primarios. O nome e a descrición da explotación ou zona autorizada deberán incluírse no texto libre.

## ANEXO V

### Información complementaria en caso de peste porcina clásica

- 1) Data en que se empezou a sospeita-la existencia de peste porcina.
- 2) Data na que se confirmase a peste porcina; métodos utilizados para a devandita confirmación.
- 3) Localización da explotación infectada, e distancia a que se atopan as ganderías de porcino máis próximas.

4) Número de porcos, e categoría de porcos (cría, engorda, bácoros\*) na explotación.

5) Por cada categoría de porcos (cría, engorda, bácoros\*), número de porcos nos que se comprobou a existencia de peste porcina, e grao de mortalidade da enfermidade.

6) Se a enfermidade non tivo lugar nunha explotación, indicación da súa posible confirmación nun mata-doiro ou nun medio de transporte.

7) Confirmación en casos primarios (\*\*) en xabaris.

\* Bácoros: animais con menos de tres meses de idade, aproximadamente.

\*\* Por «casos primarios» en xabaris, entenderanse os casos que teñan lugar en zonas exentas, é dicir, fóra das zonas suxeitas a restriccións por causa dun foco de peste porcina clásica en xabaris.

## ANEXO VI

### Informe puntualizado da peste porcina clásica

1) Data na que se matasen e destrúisen os porcos de explotación.

2) En caso de que se recorre á excepción prevista no artigo 6 do Real decreto 1071/2002, do 18 de outubro, polo que se establecen as medidas mínimas de loita contra a peste porcina clásica, o número de porcos ós que se dese morte e que se destrúisen e o número de porcos dos cales o sacrificio fose atrasado, así como o prazo previsto para levar a cabo o devandito sacrificio.

3) Calquera información referente á posible orixe de enfermidade ou referente á orixe da enfermidade cando esta se poida determinar.

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**2720** *REAL DECRETO 118/2003, do 31 de xaneiro, polo que se aproba a lista de substancias permitidas para a fabricación de materiais e obxectos plásticos destinados a entrar en contacto cos alimentos e se regulan determinadas condicións de ensaio.* («BOE» 36, do 11-2-2003.)

O Real decreto 1425/1988, do 25 de novembro, polo que se aproba a Regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de materiais plásticos destinados a entrar en contacto cos produtos alimenticios e alimentarios, incorporou ó ordenamento xurídico nacional as directivas comunitarias relativas ós materiais e envases destinados a entrar en contacto cos alimentos.

Posteriormente, a aprobación da lista de substancias permitidas para a fabricación de materiais e obxectos plásticos destinados a entrar en contacto cos alimentos e a regulación de determinadas condicións de ensaio levouse a cabo por medio do Real decreto 2207/1994, do 16 de novembro, que incorporou ó noso dereito interno as directivas 93/8/CEE e 93/9/CEE. O citado Real decreto 2207/1994 foi modificado, pola súa vez, polo Real decreto 510/1996, do 15 de marzo, que traspuxo a Directiva 95/3/CE; polo Real decreto 1042/1997, do 27 de xuño, que traspuxo a Directiva 96/11/CE, así como polos Reais decretos 1752/1998, do 31 de xullo, e 442/2001, do 27 de abril, que traspuxeron as directivas 97/48/CE, e 1999/91/CE, respectivamente.